



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

### **BASES XERAIS QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE DOUS PEÓNS PARA “TAREFAS DE SILVICULTURA, BIOMASA, LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL” AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)**

#### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria.**

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento de selección e contratación polo sistema de oposición de dúas persoas desempregadas para a realización da obra ou servizo “Tarefas de Silvicultura, Biomasa, Limpeza de Montes e outras tarefas de valorización forestal” ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Aprol Rural).

#### **1. Funcións e tarefas obxecto dos aspirantes.**

Os aspirantes realizan tarefas de “Silvicultura, Biomasa, Limpeza de Montes e outras tarefas de valorización forestal”.

#### **2. Requisitos xerais e específicos dos aspirantes.**

##### **2.1 Requisitos xerais.**

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio da certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal

CONCELLO VILASANTAR
Entrada
Oficina 000 Nº. 201900000000410 02/05/2019 13:56:50 Dest:



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

laboral, no que fose separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- g) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas.
- e) Estar en situación de desemprego. Deberán estar inscritos na Oficina de Emprego correspondente e ter a tarxeta de demandante de emprego actualizada.

### **3. Tipo e duración do contrato:**

A duración do contrato será de 9 meses a contar dende a data de formalización do contrato.

Realizaráse unha lista de reserva laboral coas persoas que se presenten a esta praza por estricta orde de puntuación para cubrir futuras baixas e vacacións destas mesmas prazas convocadas, de ser o caso

**4. Retribucións mensuais brutas:** serán de 1088,54 euros brutos ao mes incluídas as pagas extraordinarias.

### **5. Criterios para a selección de candidatos.**

Para a selección dos candidatos realizaráse unha proba práctica.

Ao abeiro do recollido no art. 61.5 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007) establecece un período de proba de 15 días para os candidatos seleccionados.

### **6. Sistema de publicidade da convocatoria.**

Esta convocatoria será publicada na páxina web do concello e no taboleiro do concello. Asimesmo daráselle publicidade mediante a realización dunha oferta de emprego correspondente a estas prazas de peón na Oficina de Emprego de Melide para que remita os candidatos que cumpran cos requisitos establecidos.

Os actos posteriores ao procedemento serán publicados no taboleiro de anuncio do concello ademais de informar a cada candidato/a.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

### **7. Admisión de candidatos:**

A lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluidos/as coincidirá coa relación de desempregados enviados pola Oficina de Emprego de Melide.

### **8. Selección.**

A Comisión de selección dos aspirantes estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Lourdes García Sánchez, axente de emprego e desenvolvemento do Concello de Vilasantar.

Suplente presidente: Ana Vallo Camba, axente de emprego e desenvolvemento do Concello de Boimorto.

1º Vocal: Ana Belen Vázquez Garea, técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente 1º Vogal: Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques

2º Vocal: Trinidad Veiras Freire, técnico de información xuvenil e Animación Cultural

Suplente 2º Vogal: Montserrat Varela Vazquez, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Secretario: Afonso – Bieito Lorenzo Penela, secretario do Concello de Vilasantar

Suplente secretario: Isabel Novo López, administrativo do Concello de Vilasantar

### **9. Formalización do contrato:**

Será competencia do Sr. Alcalde – Prsidente a formalización do contrato laboral cos/coas aspirantes seleccionadas, o cal deberá incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de tres días dende que sexa requerido para iso.

O contrato axustarase a algunha das modalidades previstas na lexislación laboral determinada no procedemento de contratación. No mesmo recolleranse as funcións a desenvolver polo/a traballador/a, as retribucións que lle corresponden e prazo máximo de duración.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

### 10. Normas de aplicación.

O proceso selectivo regularáse polo disposto nas presentes bases e, no que non estea previsto nelas, polo establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 7/2007 do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón desta material.

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderáse interpoñer polos interesados un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, con carácter previo ao contencioso – administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso – administrativo de A Coruña, a partir do día seguinte ao da súa publicación ( artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

En canto a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Vilasantar, 2 de Maio de 2019

O alcalde.



Fernando Pérez Fernández.